

51

- ○ ○ ○ ○ EXPRESIÓN VERBAL
- ● ● ○ ○ EXPRESIÓN CORPORAL
- ● ○ ○ ○ CREATIVIDADE
- ○ ○ ○ ○ VOCABULARIO
- ● ○ ○ ○ ESCOITA ACTIVA
- ● ○ ○ ○ TRABALLO EN GRUPO
- ● ○ ○ ○ DIFICULTADE

8 ou máis participantes  
15 minutos

Paradeportes

Contacto. Distensión

## COLLEITA DE PINZAS

## MATERIAIS

Pinzas de dúas cores, dúas pinzas por participante.

## ESPAZO

Espazo para situar birlos e lanzar (12x4m).

## DESCRICIÓN

Repártenselles pinzas dunha cor a un equipo e doutra cor ao outro. Cada xogador debe prender un par de pinzas en lugares visibles da súa roupa. A unha indicación, iníciase a colleita. Cada equipo debe xuntar a maior cantidade posible de pinzas da outra cor. Pódese dar un tempo dado ou marcar como obxectivo un número de pinzas.

## VARIANTES

Variante 1. Cada xogador comeza con dúas pinzas e debe ser quen de prendelas nos xogadores do outro bando.

Variante 2. Sen equipos. Cadaquén comeza con dúas pinzas prendidas e debe ir apañando pinzas do resto de xogadores.

Gaña quen ao cabo dun tempo leve enriba máis pinzas

